

XEFATURA DO ESTADO

16210 *REAL DECRETO LEI 9/2006, do 15 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os efectos producidos pola seca nas poboacións e nas explotacións agrarias de regadío en determinadas bacías hidrográficas.* («BOE» 222, do 16-9-2006.)

As adversas condicións climáticas deron como resultado que algunhas bacías hidrográficas teñan acusados problemas para a subministración de auga, tanto para os abastecementos ás poboacións, como para as explotacións agrícolas e gandeiras, polo que é necesario adoptar determinadas medidas extraordinarias e de urxente necesidade para paliar os efectos da seca.

O ano hidrolóxico 2004/2005 foi para unha gran parte da España peninsular o máis seco dunha serie histórica de máis de 100 anos. O presente ano hidrolóxico foi, globalmente, un ano con maiores precipitacións que o anterior aínda que tamén seco (un 16% por debaixo da situación de normalidade). Esta evolución non mellorou no seu conxunto as reservas dos sistemas que, no caso dos destinados a usos consuntivos, se sitúan por debaixo do ano anterior e da media dos últimos cinco anos.

A persistencia da seca aconsella reducir o impacto negativo nos regadíos e obriga a mellorar a xestión da auga buscando, principalmente, un aforro dela. Para iso se prevé a realización de determinadas obras hidráulicas para a modernización e mellora de regadíos existentes que comportarán importantes aforros nas dotacións de auga necesaria para os regadíos. Con este fin, decláranse de interese xeral obras que se realizarán no marco das previsións do Plan Nacional de Regadíos aprobado polo Real decreto 329/2002, do 5 de abril.

Así mesmo, é conveniente conceder un ano máis a exención das exaccións relativas á dispoñibilidade de auga para rega, coa adición de igual medida para a dos abastecementos afectados pola escaseza de recursos. Atrásase, igualmente, a desaparición das tarifas eléctricas específicas para regas agrícolas prevista no Real decreto 809/2006, do 30 de xuño, polo que se revisa a tarifa eléctrica a partir do 1 de xullo de 2006, para compensar o incremento de custos da subministración de electricidade aos regadíos que se produciu pola escaseza de auga e contribuír, así, á recuperación da rendibilidade destas explotacións.

O agravamento da situación obrigou a realizar na cabeceira do Texo unha reserva estratéxica pola Mancomunidad de los Canales del Taibilla, mediante contratos de cesión de dereitos de auga, que orixinou un imprevisto e importante desequilibrio orzamentario nas súas operacións comerciais. Consecuentemente é necesario restablecer a súa normalidade económica mediante as exencións das exaccións correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de conducción das augas, correspondentes ao ano 2006.

Os mesmos motivos aconsellan a prórroga do Real decreto lei 15/2005, do 16 de decembro, de medidas urxentes para a regulación das transaccións de dereitos de aproveitamento de augas, xa que se revelou como un instrumento útil para a reasignación voluntaria de dereitos de auga. Prórrogase tamén a vixencia dos reais decretos 1265/2005, do 21 de outubro, e 1419/2005, do 25 de novembro, polos que se adoptaron medidas administrativas excepcionais para a xestión de recursos no Júcar, Segura e Tajo, e Guadiana, Guadalquivir e Ebro, respectivamente.

Por último, xa no ano 2001, a disposición adicional cuarta da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico

Nacional, establecía sobre o Plan do Alto Guadiana, como consecuencia da gravidade do estado do acuífero, a necesidade de elaborar o devandito plan no prazo dun ano. Esta situación agravouse ante a seca plurianual que padece a zona, feito que empeora aínda máis a situación económica, social e ambiental provocada pola sobreexplotación dos acuíferos da bacía do Guadiana. A necesidade de garantir a curto prazo o abastecemento ás poboacións, achegar auga para os ecosistemas e reducir as tensións socioeconómicas fan que se inclúan no presente real decreto lei un conxunto de disposicións específicas, con ámbito territorial limitado. Nelas introdúcense os instrumentos xurídicos necesarios para unha maior eficacia da xestión dos dereitos de uso de auga, mantendo o carácter público das augas subterráneas. Por outra parte, refórzase a eficacia dos centros de intercambios de dereito de augas, ampliando o ámbito da reasignación de recursos de forma que este instrumento sirva para dar resposta a obxectivos ambientais ou de interese das comunidades autónomas, co obxectivo de lle dar unha resposta áxil á problemática actual que a seca impón.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Medio Ambiente, do ministro de Industria, Turismo e Comercio e da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de setembro de 2006,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto establecer medidas de apoio aos titulares das explotacións agrarias de regadío situadas nos ámbitos territoriais afectados pola seca, cando tivesen unha dotación igual ou inferior ao 50% da normal. Estes ámbitos figuran relacionados no anexo 1.

2. Así mesmo ten por obxecto paliar o desequilibrio económico producido á Mancomunidad de los Canales del Taibilla debido aos contratos de cesión temporal de dereitos, necesarios para garantir o abastecemento das súas poboacións.

Artigo 2. *Exención das exaccións relativas á dispoñibilidade de auga.*

1. No exercicio 2006, para as explotacións agrarias de regadío incluídas no ámbito de aplicación a que se refire o artigo 1, concédense as seguintes exencións:

a) A cota da tarifa de utilización da auga e do canon de regulación establecidos no artigo 114 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

b) As achegas correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de conducción das augas incluídos nas alíneas b) e c) do artigo 7.1 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de regulación do réxime económico da explotación do acueduto Texo-Segura.

c) A cota da tarifa de conducción das augas pola infraestrutura do postransvasamento (bacía do Segura), prevista no artigo 10 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, que for aplicable ás augas propias da bacía, cuxo uso fose autorizado provisionalmente en virtude do disposto polo Real decreto 1265/2005, do 21 de outubro.

2. No exercicio 2006, a Mancomunidad de los Canales del Taibilla queda exenta das achegas correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de conducción das augas incluídos nas alíneas b) e c) do artigo 7.1 da Lei 52/1980, do 16 de outubro.

3. Os suxeitos pasivos das exaccións sinaladas nos puntos anteriores que satisfixesen total ou parcialmente as cotas correspondentes terán dereito a pedir a devolución das cantidades ingresadas.

Artigo 3. Obras hidráulicas urxentes para a mellora e modernización de regadíos existentes.

1. Decláranse de interese xeral as obras de mellora e modernización de regadíos que figuran no anexo 2.

2. As obras incluídas no anexo levarán implícitas as declaracións seguintes:

a) A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

b) A de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

3. Esta declaración de interese xeral permitirá as expropiacións forzosas requiridas para as ditas obras e a urxente ocupación dos bens afectados.

Disposición adicional primeira. Modificación do ámbito de aplicación.

Facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, para modificar a delimitación territorial do anexo 1 para a aplicación das medidas previstas no presente real decreto lei, unha vez oídas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector.

Disposición adicional segunda. Medidas urxentes de aplicación ao Alto Guadiana.

1. Os titulares de aproveitamentos de augas do ámbito territorial do Alto Guadiana que no momento da entrada en vigor deste real decreto lei figuren inscritos no catálogo de augas privadas ou na sección C do Rexistro de augas da bacía, poderán solicitar en calquera momento a inscrición na sección A do Rexistro de augas da bacía, para o que instarán o outorgamento da correspondente concesión.

2. Para os efectos do punto terceiro da disposición transitoria terceira do texto refundido da Lei de augas, as actuacións que supoñan o aumento da profundidade ou do diámetro do pozo, así como calquera cambio na súa localización, consideraranse modificación das condicións ou do réxime de aproveitamento.

As actuacións de limpeza de pozos requirirán a previa autorización da Confederación Hidrográfica.

3. O trámite de outorgamento das concesións nos supostos a que se refiren os puntos 1 e 2 levarase a cabo sen competencia de proxectos e exixirá, ademais do informe de compatibilidade co Plan hidrolóxico da bacía e o da Administración competente en función do uso a que se destine, a práctica de información pública e a solicitude de informe á Comunidade de Usuarios, se esta está constituída. O prazo para a resolución do procedemento e a correspondente notificación será de doce meses, transcorrido o cal se entenderá denegada a solicitude.

4. A concesión que se outorgue terá as seguintes características:

a) O termo da concesión será o 31 de decembro de 2035, tendo preferencia nese momento o concesionario para obter unha nova concesión, logo do procedemento establecido no texto refundido da Lei de augas.

b) Recollerá as características con que o aproveitamento estea inscrito no Catálogo de augas privadas da

bacía ou na sección C do Rexistro de augas da bacía, singularmente no que se refire ao uso da auga.

Previamente a Confederación Hidrográfica comprobará a adecuación destas características á realidade.

c) O volume de auga que se vaia utilizar será o que figure inscrito no Catálogo de augas privadas da bacía ou na sección C do Rexistro de augas da bacía, logo de comprobación da idoneidade de tal volume por parte da Confederación Hidrográfica e con suxeición, en todo caso, ao establecido no Plan hidrolóxico da bacía en canto a dotacións.

Cando a solicitude de concesión se refira a acuíferos sobreexplotados que contén con Plan de ordenación de extraccións, a concesión non poderá outorgar un volume superior ao que recoñeza como de posible aproveitamento o devandito plan.

5. Cando mellore o estado das masas de auga subterránea, a Confederación Hidrográfica, de oficio ou por instancia de parte, poderá revisar conxuntamente as concesións outorgadas ao abeiro desta disposición para aumentar de maneira proporcional e equitativa o volume de dereitos recoñecido nelas. Esta revisión farase en todo caso sen poñer en risco a permanencia dos obxectivos xerais ambientais previstos no texto refundido da Lei de augas e sen prexuízo da posibilidade de dedicar os novos volumes de auga a finalidades de interese xeral.

6. A aplicación do punto 5 realizarase sen prexuízo do que se derive da subscripción por parte do titular da concesión de contratos de cesión temporal de dereitos de uso de auga ou da adquisición temporal de todos ou parte dos seus dereitos por parte do correspondente centro de intercambio de dereitos de uso de auga, segundo o réxime xurídico establecido no texto refundido da Lei de augas.

7. O punto 1 da disposición adicional sétima do texto refundido da Lei de augas non será de aplicación ás concesións outorgadas ao abeiro desta disposición.

Disposición adicional terceira. Destino dos recursos adquiridos polos centros de intercambio de dereitos do uso da auga.

Os centros de intercambio de dereitos do uso da auga das bacías quedan autorizados para realizar ofertas públicas de adquisición, temporal ou definitiva, de dereitos de uso da auga co fin de destinar os recursos adquiridos:

Á consecución do bo estado das masas de auga subterránea ou a constituír reservas con finalidade puramente ambiental, tanto de maneira temporal como definitiva.

Á cesión ás comunidades autónomas, logo de convenio que regule a finalidade da cesión e posterior utilización das augas. A cesión deberase inscribir no Rexistro de augas da bacía.

Disposición adicional cuarta. Créditos orzamentarios.

As diminucións de ingresos que se produzan nas confederacións hidrográficas como consecuencia das exencións previstas no artigo 2 deste real decreto lei serán compensadas, nun 50 por cento, con cargo ao fondo de continxencia de execución orzamentaria. O 50 por cento restante financiarase con cargo aos créditos do orzamento do Ministerio de Medio Ambiente, para cuxos efectos se efectuarán as transferencias de crédito que proceda sen que resulte de aplicación a limitación contida no artigo 52.1.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, respecto da realización de transferencias de crédito desde operacións de capital a operacións corrente.

Disposición adicional quinta. *Tarifas específicas de subministración eléctrica de regas agrícolas.*

Malia o disposto na disposición transitoria única do Real decreto 809/2006, do 30 de xuño, polo que se revisa a tarifa eléctrica a partir do 1 de xullo de 2006, as tarifas específicas de regas agrícolas de alta e baixa tensión seguiranse aplicando a todas as explotacións de regadío ata o 1 de xullo de 2007.

Disposición derradeira primeira. *Prórroga de medidas excepcionais.*

1. Prorrógase ata o 30 de novembro de 2007 a vixencia do Real decreto lei 15/2005, do 16 de decembro, de medidas urxentes para a regulación das transaccións de dereitos ao aproveitamento de auga.

2. Prorrógase ata o 30 de novembro de 2007 a vixencia dos reais decretos 1265/2005, do 21 de outubro, polo que se adoptan medidas administrativas excepcionais para a xestión dos recursos hidráulicos e para corrixir os efectos da seca nas bacías hidrográficas dos ríos Xúcar, Segura e Texo, e 1419/2005, do 25 de novembro, polo que se adoptan medidas administrativas excepcionais para a xestión dos recursos hidráulicos e para corrixir os efectos da seca nas bacías hidrográficas dos ríos Guadiana, Guadalquivir e Ebro.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1, 13.^a e 22.^a da Constitución, que lle atribúen respectivamente ao Estado competencias exclusivas en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os ministros de Medio Ambiente e de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de setembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O Presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO 1

Ámbitos territoriais de aplicación do real decreto lei

Confederación Hidrográfica del Segura

Cierva.
Vegas Segura, Mundo e Quipar.
Argos.
Guadalentín.
Zonas regables transvasamento.
Confederación Hidrográfica del Guadalquivir
C.R.G. Guadalquivir (regul).
C.R.G. Guadalquivir (non regul.).

Z.R. Vegas Altas.
Z.R. Vegas Medias.
Z.R. Vegas Bajas.
Z.R. Guadañen.
Z.R. Gandulilla.
Rumblar.
Bolera-Guadalentín.
Guadalmellato-Guadaluño.
Bembézar-Retortillo.
Bajo Guadalquivir.
Z.R. Genil M.D.
Z.R. Genil M.I.
Pintado-Viar.
Torre Aguila-Salado Morón.
Z.R. Guadalmena.
Sierra Boyera.
Z.R. Genil-Cabra.
San Clemente-Hués-car-Baza.
Francisco Abellán.
Quentar-Canales.
Huesna.
Canal de Jabalcón.
Confederación Hidrográfica del Júcar
Canal Júcar-Turia.
Mancha Oriental.

ANEXO 2

Obras de mellora e modernización de regadíos

Comunidade Autónoma	Obra
Murcia.	Mellora dos regadíos da C.R. Fuente de Caneja, TT. MM. de Caravaca de la Cruz. Mellora dos regadíos da C.R. El Porvenir, T. M. de Abanilla, Murcia, 5. ^a fase.
Comunidade Valenciana.	Modernización do regadío da C.R.G.V de Callosa d'en Sarrià, T. M. de Callosa d'en Sarrià (Alicante). Modernización do regadío da C.R. Fontanars dels Aforins, T. M. de Fontanars dels Aforins (Valencia). Modernización do regadío da C.R. de Segorbe, T. M. de Segorbe (Castellón). Mellora do regadío da C.R. de Foia del Pou, TT. MM. Montaverner, Alfarrasí, Albaida, Bufalí, Belgida, Otos e Palomar (Valencia).

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

16212 REAL DECRETO 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización. («BOE» 222, do 16-9-2006.)

O artigo 43 da Constitución española reconece o dereito á protección da saúde e establece que lles compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, sinala, no seu artigo 3.2, que o acceso e as prestacións sanitarias